



## I CONTROL DE PISTA CUBERTA DE OURENSE

30 de decembro do 2.017

Os Clubes Deportivo Aurum e Ourense Atletismo ca colaboración da FGA organizan o **I Control de Pista Cuberta de Ourense** o **sábado 30 de decembro**, en xornada de mañá, na pista cuberta de Expourense.

### REGULAMENTO

**Art. 1.** Poderán participar todos os atletas federados que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2017/18) por algún Club pertencente a Galicia
- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo aínda que pertencen a clubs de outras Comunidades Autónomas.
- Atletas non galegos ou estranxeiros convidados expresamente pola organización da proba, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.
- Atletas de categoría **sub16 en diante**.

**Art. 2.** **Os atletas poderán modificacións as inscricións xa efectuadas ata o venres as 14.00 horas.**

**Art. 3.** **Nas probas de velocidade e valados indicárase a mellor marca.** As series realizaranse agrupando aos atletas por marcas, aqueles atletas que non indiquen mellor marca serán incluídos aleatoriamente no resto das series.

**Art. 4.** No salto de lonxitude faranse 3 saltos máis tres de mellora das oito mellores marcas. A táboa de batida estará situada a **3 metros**.

**Art. 5.** Cada atleta retirará o seu dorsal na secretaría da competición ata 60 minutos antes da saída de cada proba. Pasado este período non se admitirá a participación do atleta.

**Art. 6.** **CUOTA DE INSCRIPCION.** Cada atleta que non pertenza a algúns dos Clubs Organizadores deberán aboar unha cuota de 3€ por dorsal no momento de súa retirada.

**Art. 7.** Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles

**Art. 8. HORARIO (PODERÁ SUFRIR MODIFICACIÓNS DEPENDENDO DAS INSCRICIÓNS PUBLICÁNDOSE O DEFINITIVO O VENRES POLA TARDE).**

HOMES	HORA	MULLERES
Salto de Lonxitude sub16 en adiante 60 m.v. 0,914 m. sub16/ sub18 Peso sub16 en adiante 4-5-6-7,26 kg	10.30	Salto con Pérttega
60 m.v. 0,99 m. sub20	10.40	
60 m.v. 1,067 m. Absoluto	10.45	
	10.55	60 m.v. 0,76 m. sub16/ sub18
	11.05	60 m.v. 0,84 m. sub20/sub23/ Absoluto
600 m.l. sub16	11.15	
	11.30	600 m.l. sub16 Tripla salto Peso sub16 en adiante 3-4kg
1.500 Absoluto	11.40	
	11.55	1.500 Absoluto
200 m.l. sub18 en adiante	12.05	
	12.15	Salto de lonxitude sub16 en adiante
	12.30	200 m.l. sub18 en adiante

**Art. 9.** Será obrigatorio a presentación na cámara de chamadas debidamente acreditados con licenza, DNI, ou calquera outro documento con foto, incluídos os que figuran en plataformas informáticas, dentro dos prazos estipulados, para poder participar.

**HORARIO DE PECHE CÁMARA DE CHAMADAS**

- Carreiras: 15' antes da hora oficial da proba.
- Concursos (agás pérttega): 30' antes da hora oficial da proba.
- Pérttega: 45' antes da hora oficial da proba.
- Cadencia da proba de pérttega : 1,80 - 1,95 - 2,10 de 10 en 10 cm ata 2,80m de 5 en 5.
- Táboas tripla feminino : 8, 9 e 10 metros.

**Art. 10.** Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase de acordo coas normas da I.A.A.F.